En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra e a súa veciñanza, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO".

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno a seguinte acorda por unanimidade:

- Aprobar o "*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO*", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO*

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.
Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a tales efectos, a Deputación e o concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopan o establecemento de instalación deportivas e de ocupación do tempo libre axeitadas, de xeito que poidan contribuír a fomentar, promover e difundir o deporte como actividade de interese público ao que se lle recoñecen as especiais funcións que este desempeña na sociedade nos ámbitos da educación, da formación e da cultura, na mellora da saúde pública, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto polo medio ambiente.
A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación do céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro, instalación de titularidade municipal situada na Xunqueira de Lérez, no Concello de Pontevedra.

IV.- Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade, o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

V.- Que os artigos 25.1 e 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 e 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal. Pola súa parte, o artigo 7 da citada Lei 3/2012, de 2 de abril, atribúelle ás deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia aos municipios e colaboración no deseño e a construción de instalacións deportivas e tamén respecto da construción de instalacións deportivas de titularidade municipal, así como coidar as condicións de seguridade, entre outras.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

VI.- Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VII.-Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII.- Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

IX.- Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

X.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro, instalación de titularidade municipal situada na Xunqueira de Lérez, no Concello de Pontevedra.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de CENTO CORENTA E DOUS MIL NOVECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (142.937,83€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da actuación obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra na anualidade 2025, contra a aplicación 2025/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución da actuación a realizar, excluído o da redacción da memoria técnica que corresponde ao Concello de Pontevedra.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2025
Deputación de Pontevedra (100%)	*142.937,83 €*

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada na memoria técnica, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA. EXECUCIÓN

1. A execución da actuación e contrato á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2025 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución do contrato poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade do devandito contrato e da resolución que se dite.

2. A memoria técnica aprobada polo concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación do presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución da actuación por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando remate o investimento, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción deste, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción do investimento executado e a certificación final deste.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra obrígase a:

− Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e a correspondente memoria técnica valorada, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación para a súa posterior supervisión polos técnicos provinciais.

− Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.

− Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

− Licitar, dirixir, executar, controlar e recibir a obra segundo a documentación técnica pertinente e a correspondente memoria técnica.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

− Remitir, unha vez formalizado o contrato de subministro, unha copia deste á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.
− Xustificar ante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.
− Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción do subministro, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
− Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a actuación obxecto do presente convenio se levou a cabo en colaboración coa Deputación.
− Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción do subministro coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
− Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
− Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
− Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
− Cumprir as obrigas contidas na LSG, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido na LXS, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
A Deputación obrígase a:
− Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
− Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO
Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.
O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:
− Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
− O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
− Certificacións de obra executada.
Xunto coa primeira certificación achegarase a seguinte documentación:
- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- No seu caso, o nomeamento do/a responsable do contrato e coordinador/a de seguridade e saúde
- O contrato de adxudicación do subministro.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación da memoria técnica do investimento.

Xunto coa última certificación achegaranse:

- Informe final do/a responsable do contrato.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.

– Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación da achega será o 31 de marzo de 2026.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA. PUBLICIDADE

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello deberá darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para a actuación subvencionada. Para estes efectos deberá:

- *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación.*
- *Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- *Incluír no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha actuación subvencionada pola institución provincial.*
- *Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis informativos da actuación que se realice e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía. Estes carteis colocaranse nun lugar suficientemente visible.*
- *Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.*

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.
Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.
A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.
Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.
As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberan respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.
As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:
− A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
− Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
− Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
− Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

– A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
A comisión reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.
As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA
O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026.
No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN
De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
Serán causas de resolución:
– O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
– O acordo unánime dos asinantes.
– O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.
– Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
– Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE
O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.
Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores
O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro
O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez
O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay"

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.

- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

4.35270.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA "*PROVINCIA + INCLUSIVA*" 2025(EXPTE.2024081319)

ANTECEDENTES

1º.- De conformidade có establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se define ás entidades de iniciativa social como *" aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro*", entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social; neste sentido, as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido, sendo tamén obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

No seu artigo 31, a Lei 13/2008 establece que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social se promoverá mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

Por outra banda, o artigo 22 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, recoñece o dereito das persoas con discapacidade a vivir de forma independente e a participar activamente en todos os aspectos da vida, para o que os poderes públicos han de adoptar as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, entre outros aspectos na información e comunicacións e en outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas coma rurais.

No ámbito local, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que son competencias propias das Deputacións provinciais as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca unha liña de subvencións para investimento dirixidas a entidades sen fins de lucro có fin de promover a accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas, dentro do programa *"Provincia + Inclusiva",* que nesta segunda edición amplía o seu ámbito de actuación a todos os concellos da provincia de Pontevedra.

3º.- O obxecto destas bases é regular o procedemento para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, conforme aos criterios establecidos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
c) Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo do obxecto da subvención.

4º.- Serán subvencionables, podendo incluír na solicitude un ou varios dos seguintes gastos:

- Gastos derivados das obras de mellora da accesibilidade en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera titulo válido en dereito, con un período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non serán subvencionables os gastos de obras de mellora da accesibilidade en inmobles en réxime de aluguer.

- Os custos de redacción da memoria do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables dende o punto de vista legal para a execución da obra.

- Gastos para a adquisición de sistemas de comunicación que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas beneficiarias nas actividades da vida diaria. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de dous anos.

- Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

5º.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a 210.000,00 euros.
O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder o 80% do seu orzamento, nin a cantidade de dez mil (10.000,00) euros.
As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, de acordo cos criterios establecidos na base décimo segunda.

6º.- Con data 5 e 20 de maio de 2025, respectivamente, Secretaría Xeral (CSV: 5C8F1R93Q97L9AU3) e Intervención (CSV: 6CP0T1WI1GKSBYWL) emiten informe favorable en relación á tramitación deste expediente.
Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a convocatoria e bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, programa "*Provincia + Inclusiva"* 2025.
Ditas bases, que figuran asinadas dixitalmente no expediente co CSV: EICHJQM3MUWZMBY4, teñen o seguinte teor literal:

"CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA "PROVINCIA +INCLUSIVA" 2025

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense as entidades de iniciativa social como "aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro".

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten o compromiso de apoiar estas entidades, materializado nas diferentes liñas de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social que se convocan cada ano.

Neste contexto, en 2024 púxose en marcha un novo programa, "Provincia +inclusiva", polo que se convocou unha liña de subvencións para gastos de investimento, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro de municipios de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, e a través da cal se repartiron 114.575,18 euros para financiar dezanove proxectos, como obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles, redacción da memoria do proxecto, adquisición de sistemas inclusivos de comunicación, adquisición de axudas técnicas etc.

Con esta nova convocatoria a Deputación de Pontevedra busca darlle continuidade á liña iniciada para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación. A finalidade desta convocatoria é a promoción da accesibilidade universal en todos os ámbitos onde existen barreiras que impiden a participación activa de todas as persoas en condicións de igualdade e autonomía, o que sen dúbida debe implicar ao tecido asociativo, como ámbito subxectivo necesario para conquistar a inclusión. Poderán beneficiarse todas as entidades que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e que teñan sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Desde o punto de vista competencial, o marco legal vixente en materia de servizos sociais, inclusión e discapacidade ofrece tamén unha ampla base xurídica para o desenvolvemento destas actuacións.

En primeiro lugar, o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto ao resto de cidadás e cidadáns, a través da promoción da autonomía persoal, a accesibilidade universal, o acceso ao emprego, a inclusión na comunidade e a vida independente.

Esta lei réxese polo principio de accesibilidade universal, de respecto da dignidade inherente, da autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións, e a independencia das persoas, e no seu artigo 22 recoñécese expresamente o dereito das persoas con discapacidade a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida, para o que os poderes públicos han de adoptar as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas nas contornas, procesos, bens, produtos e servizos, o transporte, a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, así como os medios de comunicación social e noutros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas rurais coma urbanas.

Sobre a base deste dereito reguláronse unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación en diferentes ámbitos (produtos e servizos, espazos públicos e edificación, medios de transporte, accesibilidade cognitiva etc.), exixibles nuns prazos e termos determinados. Ademais, establécense unha serie de medidas públicas de accesibilidade no seu artigo 34, de modo que as administracións públicas han de fomentar a adaptación dos inmobles de titularidade privada mediante o establecemento de axudas, exencións e subvencións.

Nesta liña, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste campo. É tamén un obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

Por último, de acordo co artigo 31 da citada lei, o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

Adicionalmente, no ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, disponse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, entre outras, conforme a letra d, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Segundo todo o exposto, e en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no R. d. 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, así como o establecido na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, a devandita institución provincial promove esta convocatoria de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación no ano 2025.

Segunda. Principios reguladores

A xestión e a concesión destas axudas realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios establecidos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceira. Financiamento, contías e límites

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a douscentos dez mil (210.000,00) euros, que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento nin da cantidade de dez mil (10.000,00) euros. En caso de que o importe solicitado supere estes limiares, non se terá en conta o exceso.

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

a. *Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.*
b. *Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
c. *Estar ao corrente de pago no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.*
d. *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

Gastos subvencionables:

- Gastos derivados das obras de mellora da accesibilidade en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non serán subvencionables os gastos de obras de mellora da accesibilidade nos inmobles de alugueiro.

- Os custos de redacción da memoria técnica do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra.

- Gastos para adquirir sistemas de comunicación que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas beneficiarias nas actividades da vida diaria. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.

- Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables antes descritos.

Non serán subvencionables os gastos correntes de mantemento do local (tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiros de locais, telefonía e calquera outro de similar natureza), nin calquera outra investimento cuxo obxectivo non sexa a mellora da accesibilidade.

Sexta. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra; porén, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo do obxecto da subvención. Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación de Pontevedra, e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/153404123), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes
O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos
Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *DNI/NIE da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa AEAT.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias coa ATRIGA.*
- *Certificado de estar ao corrente do pago coa Seguridade Social.*
- *Certificado de estar ao corrente do pago coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as entidades solicitantes se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á entidade interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Décima. Documentación complementaria
A solicitude presentada no modelo normalizado irá acompañada da seguinte documentación que proceda, en arquivos independentes en formato PDF e co nome de cada un deles:

- *Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.*
- *Escritura de constitución da entidade, estatutos vixentes e composición actualizada da xunta directiva, para aquelas entidades que participen por primeiro vez nesta liña de axudas ou que sufrisen algunha variación con respecto á última documentación presentada nesta liña de subvencións.*
- *En caso de que o domicilio fiscal da entidade estea situado fóra da provincia de Pontevedra, documentación acreditativa de posuír unha sede ou delegación permanente nesta.*
- *Certificado bancario de titularidade da conta indicada na solicitude, en caso de non presentalo con anterioridade.*
- *Orzamento ou orzamentos realizados por empresas provedoras onde se detalle o custo dos equipamentos ou actuacións para os cales se solicita a subvención. Os orzamentos deberán figurar desagregados por prezos unitarios e con indicación do IVE aplicable.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Cando o importe dun proxecto de investimento subvencionable sexa igual ou superior a seis mil (6.000,00) euros, deberanse presentar tres orzamentos de diferentes empresas, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado número suficiente de entidades que fornezan ou presten os investimentos proxectados, ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude da subvención. No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa de entre as ofertas presentadas, deberase presentar unha memoria que xustifique tal decisión.

- *Proxecto descritivo do investimento para o que se solicita a subvención, no que se fundamente o obxecto e as características do investimento, así como o número de persoas que se beneficiarán deste e o ámbito territorial de actuación. Farase constar a situación xurídica das instalacións (en propiedade, aluguneiro, cesión ou outros) e os motivos e finalidades que xustifiquen a súa realización, e, sempre que sexa posible, incluiranse fotografías que permitan unha mellor identificación da intervención que se vai a executar.*
  Non presentar o proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite, ao ter este carácter esencial para a súa tramitación.
- *No suposto de obras de mellora da accesibilidade:*
  - *Proxecto técnico, documento técnico ou, no seu caso, memoria descritiva da actuación que se pretende desenvolver asinada. Como mínimo deberá conter os seguintes apartados:*
    - *Detalle pormenorizado das obras proxectadas, a situación xurídica das instalacións (en propiedade, cesión ou outros) e xustificación da necesidade e de que o obxecto é a mellora da accesibilidade.*
    - *Orzamento detallado e totalizado (coas cantidades, os prezos unitarios e o IVE) do investimento. Deberá coincidir cos orzamentos achegados.*
    - *Fotografías que permitan identificar mellor as actuacións que se van executar.*
    - *Os solicitantes deberán xustificar, de maneira axeitada, a mellora das condicións de accesibilidade do local ou do espazo de referencia. Deberanse detallar de maneira clara e cuantificable as melloras respecto á situación existente, explicando como e en que medida se lles vai facilitar o acceso e a utilización non discriminatoria, independente e segura dos espazos ás persoas con discapacidade.*
      Naqueles casos onde, pola antigüidade do edificio ou por outras razóns técnicas, non sexa posible cumprir con todos os parámetros de accesibilidade legalmente exixibles, será necesario xustificar como as obras propostas representan unha mellora substancial na calidade de vida das e dos usuarios e a inclusión de persoas con discapacidade. Este tipo de xustificación deberá estar apoiada por un informe técnico no que se expliquen as dificultades e as alternativas adoptadas.
  - *Título habilitante municipal, coas autorizacións sectoriais que resulten preceptivas.*
  - *Documento que acredite a titularidade ou o dereito de uso do inmoble por calquera outro título válido en dereito, de acordo co establecido na base quinta.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas
Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.
Non será válido usar outros medios de comunicación, como correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só se poderá contactar coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Décimo segunda. Valoración e criterios de concesión

Os criterios de valoración das solicitudes clasificaranse nos relacionados coa entidade e co investimento para a que se solicita a subvención, segundo se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas a estes.

Cada actuación poderá obter ata un máximo de 50 puntos. Os criterios especifícanse a continuación:

A) Criterios relacionados coa entidade (máximo de 20 puntos):

1. Traxectoria da entidade (máximo de 10 puntos)

- *Antigüidade de máis de quince anos: 10 puntos*
- *Antigüidade de entre dez e quince anos: 7 puntos*
- *Antigüidade de entre cinco e nove anos: 3 puntos*
- *Antigüidade de menos de cinco anos: 1 punto*

2. Ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia (máximo de 10 puntos):

- *Ámbito provincial: 10 puntos*
- *Ámbito comarcal ou supramunicipal: 7 puntos*
- *Ámbito local: 5 puntos*

B) Criterios relacionados co investimento obxecto de subvención (máximo de 30 puntos):

1. *Persoas beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención (máximo de 10 puntos):*
   – *Menos de 15 persoas: 5 puntos*
   – *Entre 15 e 30 persoas: 7 puntos*
   – *Máis de 30 persoas: 10 puntos*
2. *Achega económica propia da entidade para o investimento obxecto de subvención (máximo de 20 puntos):*
   – *A entidade achega recursos propios de entre o 21 % e o 30 % do importe do proxecto: 5 puntos*
   – *A entidade achega recursos propios de entre o 31 % e o 40 % do importe do proxecto: 10 puntos*
   – *A entidade achega recursos propios de entre o 41 % e o 50 % do importe do proxecto: 15 puntos*
   – *A entidade achega recursos propios superiores ao 51 % do importe do proxecto: 20 puntos*

Décimo terceira. Procedemento de concesión

13.1. A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

Establécese un prazo máximo de oito (8) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido este prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

13.2. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e os servizos.

O órgano instrutor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle proporá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidencia:*
  - *A xefa do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue.*
- *Vogalía:*
  - *A xefa do Servizo de Arquitectura ou persoa en quen delegue.*
  - *Unha arquitecta ou arquitecto técnico do Servizo de Arquitectura.*
- *Secretaría:*
  - *Unha traballadora social do Servizo de Benestar Social.ç*

13.3. Resolución provisional de solicitudes

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, que se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (http://sede.depo.gal). Esta notificación terá o carácter de colectiva, para os efectos do previsto nos artigos 45.1.b da LPACAP e 24.4 da LXS.

As entidades propostas como beneficiarias admitidas e excluídas dispoñerán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia; en caso de non comunicar nada no prazo indicado, a axuda terá a consideración de aceptada.

13.4. Resolución definitiva

Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Para calcular a contía da subvención, empregarase un algoritmo no que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluirá a relación de solicitudes denegadas e os motivos da súa exclusión.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO da resolución definitiva de concesión.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo cuarta. Notificacións
As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada Única, sistema accesible desde https://sede.depo.galou directamente desde https://dehu.redsara.es.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e considerarase rexeitada cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo quinta. Publicidade da convocatoria
Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en https://sede.depo.gal.
Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sexta. Obrigacións das entidades beneficiarias
De conformidade co previsto nestas bases e segundo o establecido no artigo 14 da LXS, as entidades están obrigadas a:
- Destinar o importe das subvencións a cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención.
- Realizar as actuacións obxecto de subvención nos prazos sinalados nestas bases.
- No caso das obras, destinar os bens inmobles ao fin concreto polo cal se lle concedeu a subvención durante un mínimo de 5 anos. O resto de bens de equipamento subvencionados deberán destinarse ao fin para o que se concede a subvención durante un período mínimo de dous anos.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que presentarán canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial, segundo o estipulado no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións subvencionadas.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.
-Darlle a axeitada publicidade ao financiamento por parte desta institución das actuacións subvencionadas; indicaranse as accións de comunicación realizadas, as fotografías e demais documentación que consideren necesaria e que permita constatar a realidade e veracidade da difusión. Respecto á imaxe institucional, na dirección https://www.depo.gal/identidade-corporativa atópanse os modelo normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Unha vez resolta a convocatoria, e comunicada a concesión da subvención, farase entrega desde a Deputación de Pontevedra dun cartel informativo no que se indica que se trata dun investimento subvencionado pola institución provincial co fin de lle dar a axeitada publicidade. Estes carteis entregaranse nun acto que terá lugar na Deputación de Pontevedra; previamente informarase do lugar, da data e da hora.

- As entidades sen fins de lucro estarán obrigadas a cumprir o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, á hora de contratar a realización de obras, a adquisición de bens inventariables, así como a normativa sectorial aplicable en materia de permisos, licenzas ou calquera outro asunto relacionado co obxecto da subvención con especial atención á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.
O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á perda da subvención.

Décimo sétima. Xustificación
Notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actuación, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 30 de abril de 2026, incluído.
As entidades beneficiarias deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal, a seguinte documentación:

1. *Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Os investimentos incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2026. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e desagregadas en prezos unitarios. Destacarase que o resto dos xustificantes das contas se atopan en poder da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas Bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible na ficha do procedemento na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra).*
2. *Conta xustificativa de gastos, segundo o formulario modelo 100.001 dispoñible na Sede electrónica, atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poña de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.*
   Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % dos custos con respecto ao orzamento inicial presentado.
3. *Memoria xustificativa do investimento realizado na que se mencionarán expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución e os recursos financeiros aplicados, e na que se indicará que se cumpriron os obxectivos propostos. En caso de obras, indicación de que estas cumpren a normativa de accesibilidade conforme ao proxectado inicialmente.*
4. *Acreditación do cumprimento da obriga de darlle difusión ao financiamento obtido. En caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só se poderá utilizar o pago en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.
O incumprimento da obrigación de xustificación implicará a perda da subvención.

Décimo oitava. Pago
Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifique un gasto inferior, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.*

O pago da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade na solicitude.

Décimo novena. Réxime xurídico
As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De forma supletoria, aplicarase o disposto na LXS, a LSG, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na restante normativa aplicable.
Así mesmo, serán aplicables a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a LPACAP e as demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

Vixésima. Protección de datos
Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos."

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

5.35271.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA O RECOÑECEMENTO DA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO DAN E DEPO DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO TALENTO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DA CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR AS E OS DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA DEVANDITA CATEGORÍA PARA O ANO 2025 (EXPTE.2025002947)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o dia 27 de decembro de 2024 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2025.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda en data 13/05/2025 da inicio o expediente para a tramitación das bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e de deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025.

Terceiro.- En data 13/05/2025 o servizo de Deportes emite memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras con data 13/05/2025.

Cuarto.- En data 20/05/2025 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e de deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da deputación de Pontevedra no ano 2025 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025.

Fundamentos:
Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro , do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu articulo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva , en base aos tipos de axudas que se establece nas bases; en ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nas bases.

En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas, producirase un rateo proporcional entre todos os importes ata cubrir o crédito dispoñible.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrase no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 405.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 25/340.3400.481.01 do Orzamento provincial para o ano 2025.
A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total, en base ás circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/203, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e no art. 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe desta ampliación dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Esta ampliación, deberá publicarse con carácter previo á resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria, indicando o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

En ningún caso, a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases, ou de ser o caso, nas súas posibles modificacións.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025, co seguinte teor literal:

"Bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025

O deporte de alto nivel é unha práctica deportiva de interese para o Estado polos valores que promove na sociedade. Constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo e un estímulo para o fomento do deporte de base, ligado á función representativa de España nas competicións deportivas oficiais de carácter internacional.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

As e os deportistas teñen plena dedicación a esta actividade, coa que van adquirindo excelentes atributos profesionais, motivación de logro, traballo en equipo, sentido de compromiso e responsabilidade, entre outros. Con todo, as esixencias e os esforzos que derivan dela, como adestramentos, concentracións, competicións e continuas viaxes, supoñen en ocasións un obstáculo para o desenvolvemento axeitado de carreiras profesionais complementarias ás súas carreiras deportivas.

A Deputación de Pontevedra, consciente das dificultades que existen para progresar a partir de certos niveis deportivos e para non deixar que ningún talento deixe de progresar polo seu nivel económico, reforza o seu compromiso con esta liña de axudas, ao aumentar as contías dispoñibles na convocatoria pasada, co obxectivo de contribuír ao financiamento da actividade competitiva e á preparación técnica das e dos deportistas destacados da provincia que cumpran os requisitos previstos nesta convocatoria.

Desde o punto de vista competencial, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, ademais de definirse o deporte de alto nivel, promóvese o fomento e a potenciación deste, das competicións deportivas e da participación internacional das e dos deportistas, clubs, profesionais da arbitraxe e do adestramento, persoal técnico deportivo, dirixentes e profesionais das ciencias da actividade física e do deporte.

Nesta liña, na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, recóllese entre os seus principios xerais a promoción do deporte de competición e de alto nivel. Así mesmo, no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, contémplase que o alto nivel deportivo, con elevadas cotas de exixencia non só deportiva senón noutros ámbitos, coma o familiar, formativo, laboral ou social, precisa de respostas por parte dos poderes públicos para facilitarlles ás e aos deportistas medidas que permitan compatibilizar a súa preparación práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos seus planos vitais.

Para lograr estes obxectivos, a Deputación de Pontevedra convoca as axudas a deportistas co recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da provincia de Pontevedra en 2025, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025 e o procedemento de concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025.

Segunda. Financiamento

A contía total destinada a estas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 25/340.3400.481.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 por un importe total de catrocentos cinco mil (405.000,00) euros.

Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total, de acordo coas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Este incremento deberá publicarse antes da resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria e indicarase o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

De ningún modo a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases ou, de ser o caso, nas súas posibles modificacións.

Terceira. Persoas beneficiarias das axudas
Poderán ser beneficiarias das axudas as e os deportistas que obteñan o recoñecemento da categoría de alto nivel e alto nivel de base da Deputación de Pontevedra no ano 2025.
Unicamente se admitirá unha solicitude de axuda por persoa solicitante.
Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS.
As e os solicitantes declararán, coa solicitude, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Obtención do recoñecemento da categoría de alto nivel e alto nivel de base
1.1 Categoría de alto nivel DEPO_DAN e DEPO_DAN+
Para obter a categoría DEPO_DAN e DEPO_DAN+ as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- *Nacer na provincia de Pontevedra ou estar empadroadas nesta polo menos desde o 1 de xaneiro de 2024.*
- *Estar recoñecidas coa condición de alto nivel pola Comunidade Autónoma de Galicia (DGAN) ou polo Estado español (DAN) no momento da presentación da solicitude.*
- *A condición da categoría DEPO_DAN e DEPO_DAN+ poderá recoñecérselles a deportistas, adestradoras e adestradores e xuízas e xuíces-árbitro.*
- *Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva.*
- *Non estar a cumprir, no momento da presentación da solicitude, ningunha sanción disciplinaria deportiva ou administrativa firme por cometer unha infracción de carácter grave ou moi grave, ou por dopaxe.*

1.2 Categoría de alto nivel de base DEPO_TALENTO
Para obter a categoría DEPO_TALENTO as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- *Nacer na provincia de Pontevedra ou estar empadroadas nesta polo menos desde o 1 de xaneiro de 2024.*
- *Nacer entre 2008 e 2013 (ambos os dous incluídos).*
- *A condición da categoría DEPO_TALENTO poderá recoñecérselles só ás e aos deportistas.*
- *Acreditar o nivel deportivo esixido pola Deputación de Pontevedra para recibir unha das axudas definidas no apartado 4 para o grupo B. Para acreditar o nivel deportivo, a Deputación de Pontevedra esixe que no ano 2024 quedasen entre os tres primeiros postos no Campionato de España ou participasen nun campionato de Europa ou do mundo.*
- *Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva.*
- *Non estar a cumprir, no momento da presentación da solicitude, ningunha sanción disciplinaria deportiva ou administrativa firme por cometer unha infracción de carácter grave ou moi grave, ou por dopaxe.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Nota. En caso de non cumprir os requisitos para obter a categoría de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+), pero si os requisitos para a obtención da categoría de alto nivel de base (DEPO_TALENTO), o servizo instrutor incluirá a solicitude nesta categoría.

O recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel que se obteña ao abeiro deste procedemento terá validez exclusiva para o ano 2025. Infórmase de que esta distinción, outorgada pola Deputación de Pontevedra, ten unicamente carácter de categoría e recoñecemento ás e aos deportistas e actúa como un complemento para o acceso ás axudas recollidas nesta convocatoria.

Quinta. Tipos de axudas
Establécense os seguintes tipos de axudas para cada categoría:

Grupo A: axudas de alto nivel (DEPO_DAN)

Axudas	*Importe*	*Resultado*
A1	*2.000 €*	*1.º, 2.º ou 3.º posto na copa do mundo (C. M.)*
A2	*1.250 €*	*Do 4.º posto en diante na C. M. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa (C. EU.)*
A3	*900 €*	*Do 4.º posto en diante no C. EU. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España (C. ESP.)*
A4	*500 €*	*Do 4.º posto en diante no C. ESP. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato galego (C. GAL.)*

Grupo A+: axudas de alto nivel para deportistas con discapacidade física, intelectual ou visual (DEPO_DAN+)

Axudas	*Importe*	*Resultado*
A+1	*3.000 €*	*1.º, 2.º ou 3.º posto na copa do mundo (C. M.)*
A+2	*2.000 €*	*Do 4.º posto en diante na C. M. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa (C. EU.)*
A+3	*1.500 €*	*Do 4.º posto en diante no C. EU. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España (C. ESP.)*
A+4	*1.000 €*	*Do 4.º posto en diante no C. ESP. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato galego (C. GAL.)*

Grupo B: axudas a deportistas de alto nivel de base (DEPO_TALENTO)

Axudas	*Importe*	*Resultado*
B1	*1.200 €*	*1.º, 2.º ou 3.º posto na copa do mundo (C. M.)*
B2	*800 €*	*Do 4.º posto en diante na C. M. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa (C. EU.)*
B3	*500 €*	*Do 4.º posto en diante no C. EU. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España (C. ESP.)*

Normas que se deben ter en conta:

- *O campionato do mundo, de Europa ou de España que se certifique corresponderá ao ano 2024; só se terá en conta o mellor resultado acadado en 2024.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- *Para que unha proba deportiva sexa considerada como campionato do mundo, de Europa, de España ou de Galicia será necesario que teña a denominación de copa ou campionato da correspondente federación deportiva. No caso da denominación de copa de España ou de Galicia, cando estas competicións estean conformadas por varias probas e teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final e non a clasificación dunha única proba.*
- *Poderán valorarse competicións internacionais ou nacionais que, aínda que non sexan as que se designan de forma oficial como competicións con categoría de campionato do mundo, de Europa ou de España, estean incluídas nos calendarios oficiais e recoñecidas como probas de alto nivel pola federación correspondente, por exemplo, o Tour de Francia ou a Vuelta a España. Estas terán que ser recoñecidas polo órgano instrutor proposto para esta convocatoria, o cal, unha vez analizada a competición, a equiparará con algún dos campionatos subvencionados ou a rexeitará.*
- *Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que conten coa categoría de alto nivel da Deputación de Pontevedra e que concorran nalgunha das seguintes circunstancias de baixa:*
  - *Que tivese unha baixa deportiva por lesión debidamente xustificada durante a maior parte da temporada 2024 e acadase os resultados para acreditar o nivel deportivo (a lesión deberá ter unha duración mínima de 6 meses).*
  - *Que estivese en período de xestación ou de baixa por nacemento no ano 2024 e acadase os resultados para acreditar o nivel deportivo.*
  - *En calquera dos casos anteriores, o resultado debe corresponderse cos 12 meses inmediatamente anteriores á baixa deportiva, maternal ou de xestación, e, en todo caso, será o servizo instrutor o que valide os feitos dependendo das características do deporte.*
- *Pola súa natureza, a competición deberá ser oficial, ter o recoñecemento da federación correspondente e figurar no calendario oficial.*
- *Terase en conta un único campionato por modalidade e categoría, aquel que tivese un maior nivel deportivo. O resultado certificado pola federación só poderá ser da clasificación final. En caso de existir máis dunha final, considerarase unicamente o resultado da final A.*
- *O servizo instrutor poderá invalidar un campionato se o considera insuficiente; isto dependerá das características do deporte, de se existen fases previas, do número de participantes e doutras circunstancias.*

Sexta. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva. En consecuencia, non será necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas, e atenderase unicamente ao cumprimento efectivo dos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiario e ao tipo de axuda. En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas, producirase un rateo proporcional entre todos os importes ata cubrir o crédito dispoñible.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal.

Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles e comezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDSN).

Novena. Documentación

As persoas interesadas deberán presentar, coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Certificado deportivo (anexo I) emitido polas federacións no que se especifique o mellor resultado deportivo obtido no ano 2024.*
- *Libro de familia (só para as e os deportistas DEPO_TALENTO menores de 14 anos que non teñan DNI/NIE).*
- *Certificado médico (só nos supostos recollidos no apartado de baixa, no que se especifiquen a duración desta e o motivo).*
- *Documento acreditativo de representación en caso de que a solicitude non a presente a persoa solicitante.*

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas solicitantes.*
- *Certificado de nacemento da persoa solicitante.*
- *Certificación de residencia das persoas solicitantes.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde https://sede.depo.gal e a través de https://dehu.redsara.es/ . Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.
Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.
A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian empregar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:
https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos

Décimo terceira. Instrución do procedemento
A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes e comprenderá as seguintes fases:

- *Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.*
- *Informe-proposta do servizo instrutor da relación de solicitudes, tipo de axuda e a súa contía. Así mesmo, incluirase unha relación das solicitudes que non cumpran os requisitos establecidos e as razóns da súa desestimación.*
- *Fiscalización dos expedientes por parte da Intervención.*
- *Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra; establecerase un período de dez (10) días naturais desde o mesmo día da súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á axuda proposta.*
- *Informe-proposta sobre as alegacións ou renuncias.*
- *Proposta de resolución definitiva. Examinadas as alegacións e as posibles renuncias, no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva, que incluirá a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para quen se propón a concesión da axuda, e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos deste rexeitamento. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.*
- *Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Décimo cuarta. Resolución do procedemento
A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.
O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación, segundo o establecido no artigo 45 da LPACAP.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra, www.depo.gal.
O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima as persoas interesadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Décimo quinta. Compatibilidade e incompatibilidade
Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2025 procedentes de calquera outra Administración, ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a súa obtención.
Estas axudas serán incompatibles con premios ou axudas económicas para deportistas concedidos por outras administracións provinciais durante o ano 2025.

Décimo sexta. Pagamento
Unha vez notificadas as axudas concedidas, procederase ao pagamento da axuda ás persoas beneficiarias por transferencia bancaria.
As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
No momento da concesión das axudas ás e aos deportistas deberanse ter en conta as retencións do IRPF, se as houbese.

Décimo sétima. Obrigas das persoas beneficiarias
As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas da LSG. Concretamente, durante este exercicio e o seguinte deberán:

- *Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases.*
- *Participar e colaborar coa Deputación na promoción do deporte e da actividade física na provincia, se esta o requirise, co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas.*
- *Asistir á Gala do Deporte organizada pola Deputación de Pontevedra.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o que se presentará canta información se lles requira no exercicio das actuacións correspondentes.*

Décimo oitava. Transparencia e bo goberno
De conformidade co establecido na normativa de transparencia e bo goberno e no artigo 15 da LSG, a Deputación de Pontevedra publicará na súa páxina web a relación oficial de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Décimo novena. Devolución e reintegro
As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- *Se se obteñen falseando as condicións requiridas.*
- *Se non se aplican aos fins para os que se concederon.*
- *Se a persoa beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésima. Órgano de aprobación
De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2025 e cumprindo co establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo primeira. Dereito supletorio
Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria
Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en https://sede.depo.gal.
Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos
Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos.

6.35272.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA EXECUCIÓN DA OBRA "*MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIADE PEONIL MEDIANTE A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA EP-0405 XESTEIRA-ALMOFREI, DENDE O P.Q. 0+000 AO 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)*" (EXPTE.2025005472)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira – Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500. Concello de Cerdedo-Cotobade* " no termo municipal de Cerdedo-Cotobade.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0405 Xesteira - Almofrei, que transcorre polo Concello de Cerdedo - Cotobade. É unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada na súa integridade no Concello de Cerdedo – Cotobade.

Resultando.- Que as actuacións propostas no presente proxecto teñen por obxecto a "*mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública da estrada EP-0405 Xesteira - Almofrei, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+500*"

Resultando.- Que Derivado do anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade formalizaron na data 05/02/2025 convenio de colaboración para a execución do proxecto "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei*, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500".

Resultando.- Que o citado convenio establece que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

ADMINISTRACIÓN	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	181.160,32 €	70
Concello Cerdedo-Cotobade	77.640,14 €	30
TOTAL OBRAS	258.800,46 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio que correspóndelle á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto técnico para a execución das obras, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo técnico de proxectos adscrito ó Servizo de Infraestruturas Don Guillermo Mille Álvarez-Quiñones, o proxecto de execución da obra "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*" cun orzamento base de licitación de 258.800,46 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 5TKIL5C405K8MPPE.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Resultando.- Que na súa consecuencia recibiuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*".

Resultando.- Que existe certificado de existencia de crédito, RC núm. 12025000005207, por importe de 258.800,46 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02 (Prox. Gasto nº 2024070324) do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/04/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*" redactado polo técnico de proxectos adscrito ó Servizo de Infraestruturas Don Guillermo Mille Álvarez-Quiñones, cun orzamento base de licitación de 258.800,46 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 5TKIL5C405K8MPPE.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: WW6BL2H9YGZ9A8WD informe do Secretario Xeral da Deputación onde se recolle o seguinte: *"...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente..."*.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización favorable do expediente que consta con CSV: M29OOAJZG5F4RD6P, que recolle entre outros o seguinte: *"...Respecto da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 2 de xaneiro de 2025, na mesma sinálase que: "As obras deberán estar rematadas no prazo dun (1) ano, a partir do día seguinte da notificación da presente resolución. A autorización considerarase caducada no caso de non executar ou non iniciar a actividade no prazo establecido." o cal se debe ter presente. Asemade, durante a execución do contrato deben terse en conta as condicións particulares e xerais reflectidas na mesma, así coma as condicións recollidas na autorización de Patrimonio de data 26 de febreiro de 2025..."*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante"

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante."

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: "Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...".

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: " A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto..."

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *"Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)"* cun orzamento base de licitación de 258.800,46 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

   Importe..... 213.884,68 €
   IVE (21%)..... 44.915,78 €
   Importe Total..... 258.800,46 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): JE8XAL7J4XXBNEVC, e de prescricións técnicas con código (CSV) 5TKIL5C405K8MPPE, que rexerán neste procedemento.

3. Autorizar o gasto por importe de 258.800,46 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

7.35273.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NO CONCELLO DE AS NEVES E CENTRO CULTURAL DENTRO DO PROXECTO IDAE PR D5000-2021-001599 DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (EXPTE.2025004806)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 21/03/2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e Centro Cultural; dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cun orzamento base de licitación de 129.500,83 € IVE engadido e conforme ao seguinte detalle:

Orzamento base de licitación (sen IVE)	IVE (21%)	Orzamento IVE engadido
107.025,48 €	22.475,41 €	129.500,83 €

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21/03/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10/0472025, procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre "A", correspondentes á documentación administrativa, presentado pola única empresa que achega oferta que é a seguinte:

	EMPRESAS	NIF
1	Grundila S.L.	B32323370

A continuación a Mesa procede a apertura do sobre B da documentación con criterios avaliables mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo Cooperación, para que procederan a avaliar e ponderar a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

O Enxeñeiro Alejandro Marín Gómez Nieves, con data 22/04/2025 emite informe de valoración da documentación técnica presentada co (CSV: ERQ1MUDLCXL2AMY3) sendo as puntuacións obtidas pola empresa Grundila SL as que figuran no certificado da Mesa co CSV: 7LYDS580GKKDT4JW.

A Mesa de Contratación en data 24/04/2025, en base ao citados informe, acorda prestar conformidade as puntuacións da empresa Grundila S.L. que acada unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, para continuar co proceso selectivo e proceder a apertura do sobre C.,sendo os valores ofertados os seguintes:

Empresa	Prezo ofertado (sen ive)	Prazo de garantia ofertado	Porcentaxe de control de calidade
Grundila SL	107.024,79 €	12 meses	1 %

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 2/05/2025, procede a efectuar a ponderación dos valores ofertados de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas. As puntuación totais acadadas pola empresa Grundila S.L. constan no certificado da mesa co csv KK6N9SE4W8FZF7PP.

Unha vez examinada a oferta, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2/05/2025 acordou, propor ao órgano de contratación, aprobar a clasificación acadada pola oferta presentada pola empresa Grundila S.L. (B32323370), que concorre no procedemento aberto, de forma que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor de Grundila S.L., polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2025003522, de data 5/05/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ao único licitador que presenta oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

O licitador presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada de data 21/05/2025 REX_WEB2025039249), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.351,24 € (carta de pago núm. operación 12025000097479).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de datamining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

1.- Adxudicar mediante procedemento aberto o contrato para a subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e Centro Cultural; dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia á empresa GRUNDILA S.L. (B-32323370), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Importe sen IVE	107.024,79€
21% de IVE	22.475,21€
Importe co IVE	129.500,00€

- Prazo de garantía: 12 meses
- Porcentaxe control de calidade: 1%

Prazo de execución: dous meses a contar desde a firma da acta de comprobación de replanteo.

Financiación: O contrato financiarase con cargo as aplicacións orzamentarias 2025/942.1700.652.15.2023, 2025/942.1700.652.15.2024 .do vixente orzamento provincial.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Forma de pagamento: Fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados conforme ao proxecto durante dito período de tempo obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adxudicación. Nas certificacións de obra practicaranse as retencións correspondentes á porcentaxe de dirección de obra (4% do orzamento de execución material de acordo coa tasa por servizos facultativos que se prestan en obras provinciais e que aprobou o Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión do 27 de febreiro de 1998) e o control de calidade ofertado. Estas retencións aplicaranse sobre o orzamento de execución material que no caso de dirección de obra será do orzamento de adxudicación e no caso do control de calidade do orzamento de licitación.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https://sede.depo.es).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025004806	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Alejandro Marín Gómez-Nieves, xefe de sección de proxectos do Servizo de Cooperación ou persona na que delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días hábiles contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

8.35274.- APROBACIÓN DAS CONDICIÓNS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "*RÍAS BAIXAS ACCIÓN*", ANO 2025 (EXPTE.2025029557)

Antecedentes:

Primeiro.- Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais no uso da lingua galega que teñan lugar na provincia.

As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión mediática nos medios de comunicación, polo que é un medio especialmente idóneo para publicitar a provincia e de aí a importancia de apoiar economicamente este tipo de eventos.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades impulsan o desenvolvemento económico e social da nosa provincia polo que encaixan cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade e supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global, o que xustifica o interese desta entidade no patrocinio deste tipo de actividades na provincia de Pontevedra, a cal ofrece un escaparate único de promoción turística, social, económica e cultural.

Terceiro.- O art. 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, establece que "*un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador*".

Cuarto.- Coa presente convocatoria, a entidade provincial, renova a liña de actuación para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais, co obxectivo de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia en relación con proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra, sobre a base dos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e eficiencia da utilización dos recursos públicos.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Quinto.- Visto o informe favorable de Intervención de data 21 de maio de 2025.

Fundamentos xurídicos e técnicos:
Primeiro.- Lexislación aplicable
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade
- Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Pola súa banda a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte e no seu artigo 109.1 d), determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

A Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, no seu art. 22 establece que "*un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador*".

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra "Rías Baixas Acción", que figuran no expediente co CSV: WCGX3M7GES9DAHF4 e que son do seguinte teor:

"*CONDICIÓNS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "RÍAS BAIXAS ACCIÓN", ANO 2025*

Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais no uso da lingua galega que teñan lugar na provincia.

As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión mediática nos medios de comunicación, debido a que a proxección de produtos audiovisuais implica unha programación de difusión en diferentes medios, televisión, cines ou festivais, que pode acadar, en certos casos e segundo o éxito do filme, proxección internacional, polo que é un medio especialmente idóneo para publicitar a provincia de aí a importancia de apoiar economicamente este tipo de eventos.

De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades que, principalmente se levan a cabo en escenarios localizados na provincia que conta con numerosos recursos naturais e patrimoniais, impulsan o desenvolvemento económico e social da nosa provincia polo que encaixan cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade e supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global, o que xustifica o interese desta entidade no patrocinio deste tipo de actividades na provincia de Pontevedra, a cal ofrece un escaparate único de promoción turística, social, económica e cultural.

Co fin de cumprir os obxectivos descritos, esta convocatoria revelouse desde a súa primeira edición no 2021 como un instrumento útil para o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia; proba disto é a produción de 29 longametraxes e curtametraxes, rodadas na provincia de Pontevedra, que contaron coa colaboración da Deputación.

O art. 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, establece que "un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador".

Coa presente convocatoria, A Deputación de Pontevedra incorpora unha liña específica de apoio á produción de documentais. O documental, como xénero, cumpre unha función crave na preservación da historia da nosa provincia, a reflexión crítica sobre a realidade social e a divulgación de coñecementos en diversos campos do saber. A través desta liña específica, búscase potenciar a creación de contidos documentais que acheguen unha visión enriquecedora sobre aspectos culturais, sociais, históricos e científicos relacionados cos provincia de Pontevedra, contribuíndo a unha maior diversidade e pluralidade na produción audiovisual.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Nesta liña, ademais, preténdeselle dar un impulso a este programa mediante o aumento da dotación económica dispoñible e as producións audiovisuais obxecto de colaboración. Deste xeito, este ano o orzamento dispoñible auméntase ata os cento setenta mil (170.000,00) euros.

Por todo o exposto, a entidade provincial, coa presente convocatoria, renova a liña de actuación para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais, co obxectivo de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia en relación con proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra, sobre a base dos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e eficiencia da utilización dos recursos públicos.

Primeira. Obxecto
O obxecto desta regulación é establecer as condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais "Rías Baixas Acción".

Segunda. Ámbito obxectivo
Esta regulación ofrece a posibilidade de asinar contratos privados de patrocinio para a realización dos proxectos audiovisuais previstos nesta base que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan os requisitos previstos nestas condicións xerais.
Establécense dúas liñas de actuación:
Liña 1: Para as seguintes modalidades de proxectos audiovisuais ou obras de animación:
- *Longametraxes (duración mínima de 60 minutos)*
- *Curtametraxes*
- *Series que teñan unha duración mínima de 300 minutos*

Liña 2: Para documentais:
- *Documentais de longa duración (máis de 40 minutos de duración)*
- *Curtas documentais*
- *Podcasts documentais que teñan unha duración mínima de 150 minutos*

Quedan expresamente excluídos deste ámbito:
- *Os vídeos musicais*
- *As accións ou actividades de carácter exclusivamente académico, así como as dirixidas ao profesorado ou ao alumnado de centros educativos e á formación de formadoras e formadores.*
- *Os proxectos ou actividades que teñan un contido de propaganda política ou relixiosa.*
- *Os proxectos ou actividades que soliciten patrocinio para facerlles fronte aos gastos relacionados con axudas de custo, representación e honorarios de persoal técnico ou artístico.*
- *Solicitantes que, unha vez transcorridos os prazos legalmente outorgados, teñan pendentes de xustificar pagos de axudas ou patrocinios concedidos antes da data de peche desta regulación.*
- *Proxectos ou actividades que recibisen financiamento no ano en curso por parte da Deputación de Pontevedra para a mesma acción.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- *As fundacións e as asociacións deportivas, educativas e xuvenís, así como as de alumnado, de nais e pais, e as asociacións da veciñanza.*
- *Non se aceptarán proxectos que inclúan contido discriminatorio de ningún tipo ou enaltezan actitudes violentas.*

Así mesmo, exclúense desta regulación os proxectos e as actividades de contido cultural, de mediano ou gran formato, con repercusión social, cultural ou turística de gran relevancia debidamente acreditada con datos de impacto.

Terceira. Finalidade
A finalidade destas condicións xerais é determinar unha canle pública e aberta para solicitar o patrocinio, por parte da Deputación de Pontevedra, de proxectos audiovisuais desenvolvidos por entidades privadas que difundan a imaxe de Pontevedra e que, pola súa importancia, relevancia e repercusión, supoñan unha vía para darlle publicidade á nosa provincia e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na provincia de Pontevedra.
O obxectivo principal desta regulación é promover a industria audiovisual galega, ao crear valor engadido nos seus proxectos a través da adopción das medidas necesarias para posicionalos como un produto cultural capaz de atraer visitantes, proxectar a provincia de Pontevedra como destino, poñer en valor as industrias audiovisuais e creativas e visibilizar boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.

Cuarta. Ámbito subxectivo
Poderán solicitar as peticións de patrocinio as persoas físicas (autónomas) ou xurídicas constituídas como produtoras audiovisuais independentes que desenvolvan proxectos de produción audiovisual que, pola súa importancia, relevancia e transcendencia, teñan unha gran repercusión ou retorno publicitario das actividades culturais, artísticas e promocionais que teñan lugar na provincia.
Por produtora independente enténdese, para os efectos desta convocatoria, toda persoa física ou xurídica privada que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación ou difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva privada, nin exerza, pola súa parte, unha influencia dominante, segundo o establecido no artigo 4.n da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

Quinta. Requisitos
As propostas que se presenten deben reunir os seguintes requisitos:

- *A rodaxe deberá realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poida dobrarse ou subtitularse noutras linguas. De forma excepcional, a Comisión técnica de valoración poderá incluír como proxectos obxecto de patrocinio aqueles film rodados en lingua española que teñan un forte impacto e repercusión provincial (social, cultural ou turística).*
- *As produción deben contar cunha porcentaxe de rodaxe en escenarios da provincia de Pontevedra de, como mínimo, un 50 %. No caso da liña 2 deberán ser proxectos gravados na provincia de Pontevedra ou de temática relacionada coa provincia de Pontevedra*
- *Os espazos nos que se desenvolva a rodaxe deben ser recoñecibles como parte do patrimonio material, inmaterial, natural, social ou histórico da provincia de Pontevedra. No caso de proxectos de animación, onde non existe necesariamente unha rodaxe física no territorio, deberán contar igualmente con referencias xeográficas ou simbólicas da provincia.*
- *Os proxectos que opten a esta convocatoria poden estar iniciados no ano 2024, estar en fase de rodaxe e que a produción audiovisual remate no ano da convocatoria ou, en todo caso, antes do 30 de setembro do ano seguinte.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Sexta. Dotación económica, contías e límites

A liña de patrocinios "Rías Baixas Acción" imputarase con cargo á aplicación 25/330.3340.226.09 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 por un importe total de cento setenta mil (170.000,00) euros ata esgotar o devandito crédito, en dúas liñas de actuación:

- *Liña 1..... 100.000,00 €*
- *Liña 2 ..... 70.000,00 €*

Co fin de optimizar os recursos existentes e para poder realizar unha asignación máis equitativa, establécense uns importes máximos do prezo do patrocinio por entidade, que serán:

Liña 1:

- *Vinte e cinco mil (25.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de longametraxes (duración mínima de 60 minutos)*
- *Tres mil cincocentos (3.500,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtametraxes*
- *Quince mil (15.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de series*

Liña 2:

- *Sete mil (7.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio a produción de documentais de longa duración (duración de máis de 40 minutos)*
- *Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtas documentais (ata 40 minutos de duración)*
- *Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de podcast documental*

O patrocinio máximo por entidade beneficiaria en ningún caso poderá exceder o 50 % do orzamento total do proxecto (incluídos os impostos).

O importe máximo do patrocinio calcularase de acordo cos criterios de valoración recollidos nestas bases. No caso de que nunha liña non se poida repartir todo o orzamento previsto, o importe sobrante incorporarase ao orzamento da outra liña.

A concesión deste patrocinio é compatible con outras axudas que se reciban para o mesmo fin; non obstante, o conxunto de todas elas en ningún caso superará o 100% do custo do proxecto.

Sétima. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 30 de agosto de 2025.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación das solicitudes consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a. NIF da entidade solicitante

b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade

c. Domicilio fiscal da entidade interesada

d. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Documentación

Para optar a esta convocatoria cada entidade poderá presentar unha única solicitude por cada unha das liñas, coa que deberá achegar a seguinte documentación:

- *Memoria explicativa do proxecto audiovisual, onde se detalle a seguinte información: ficha técnica, guión, produtora, calendario estimado de produción, escenarios de rodaxe e/ou porcentaxe de gravación, lingua empregada, dobraxe ou subtitulado etc.*
- *Relación do equipo directivo, técnico e elenco actoral ou autoral, no seu caso*
- *Traxectoria e historial de premios da directora ou director, da produtora e do elenco actoral ou autoral, no seu caso*
- *Plan publicitario: previsión das accións de difusión e publicidade que se levarán a cabo e o seu valor económico en materia de publicidade, mercadotecnia, proxeccións, edicións etc.*
- *Orzamento total da produción e información relativa á financiación; sinalaranse tamén outros apoios, patrocinios ou colaboracións de entidades públicas ou privadas*

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución, que será ditada nos termos do artigo 21 desta lei.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.

Na Sede electrónica da Deputación están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde https://sede.depo.gal e a URL directa https://dehu.redsara.es/.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Procedemento

O procedemento para a realización de contratos de patrocinios será en réxime de concorrencia competitiva. A valoración e a proposta de contrato respectará a orde de presentación das solicitudes; non obstante, naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.

Décimo cuarta. Valoración de proxectos

Para a valoración dos proxectos nomearase unha comisión técnica que se encargará de revisar a documentación achegada; estará composta por:

- *Presidente: - xefe do Servizo de Cultura ou a persoa en quen delegue*
- *Vogais: - tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no sector audiovisual que non teñan relación con ningunha das persoas solicitantes nin vínculo directo cos proxectos que se poidan presentar*
  - unha técnica ou técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra
- *Secretaria: xefa de Sección de Xestión Cultural, que actuará con voz e sen voto.*

Unha vez finalizada a revisión da documentación administrativa, a comisión levará a cabo a valoración individual, na que se terán en conta os datos que figuran no expediente.

A puntuación máxima será de 100 puntos, segundo a valoración técnica obtida dos seguintes criterios obxectivos:

No caso de longametraxes, curtametraxes e series:

- *Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra: 30 puntos.*
- *Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra", así como a percepción por parte do público desta imaxe: ata 20 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director: ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actores e actrices: ata 10 puntos*
- *Promoción da igualdade e con análise da existencia de paridade de xénero no equipo técnico e no elenco actoral: ata 10 puntos*
- *Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión: igualdade, inclusión, sostibilidade etc.: ata 10 puntos*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

No caso de proxectos de animación:

- *Representación de escenarios da provincia de Pontevedra: ata 30 puntos.*
- *Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra", así como a percepción por parte do público desta imaxe: ata 30 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director: ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos*
- *Promoción da igualdade e con análise da existencia de paridade de xénero no equipo técnico: ata 10 puntos*
- *Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión: igualdade, inclusión, sostibilidade etc.: ata 10 puntos*

No caso dos documentais e podcasts:

- *Contido e rigor informativo: veracidade da información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque; ata 30 puntos*
- *Calidade técnica: imaxe, son e montaxe, ata 30 puntos*
- *Gravación na provincia de Pontevedra ou de temática relacionada coa provincia de Pontevedra; ata 10 puntos*
- *Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra", así como a percepción por parte do público desta imaxe; ata 10 puntos*
- *Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra; ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos*

Décimo quinta. Informe de valoración

Unha vez finalizada a revisión da documentación administrativa e o cumprimento dos requisitos esixidos na base quinta, a comisión emitirá un informe favorable para propoñer a realización dun contrato de patrocinio condicionado á compatibilidade cos valores e coa imaxe institucional do programa e á difusión de ámbito supraprovincial, o que inclúe actuacións promocionais e de difusión ou presentación do filme.

O limiar mínimo para acceder ao patrocinio será do 50 % da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos obxecto de valoración.

O informe-proposta favorable para a adxudicación do contrato de patrocinio deberá conter o importe do patrocinio proposto pola comisión, que se establecerá en función da puntuación obtida, segundo os criterios de valoración previstos na base anterior:

Para longametraxes:
De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 10.000,00€
De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 12.000,00 €
De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 15.000,00 €
De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 20.000,00 €
De 83 a 100 puntos: patrocinio máximo de 25.000,00 €

Para curtametraxes:
De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €
De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €
De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €
De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.500,00 €

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Para series:
De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 6.000,00€
De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 8.000,00 €
De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 10.000,00 €
De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 12.000,00 €
De 83 a 90 puntos: patrocinio máximo de 15.000,00 €

Para documentais de longa duración:
De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00€
De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €
De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 4.000,00 €
De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 5.000,00 €
De 83 a 100 puntos: patrocinio máximo de 7.000,00 €

Para curtas documentais:
De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 1.500,00 €
De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €
De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €
De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €

Para podcast documentais:
De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 1.500,00 €
De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €
De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €
De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €

O devandito importe máximo modularase conforme á valoración que realice a comisión técnica segundo os datos que figuran no expediente e a valoración do retorno publicitario de cada produción audiovisual, tendo en conta o prestixio, a traxectoria e o historial de premios da dirección, da produtora e do elenco de actrices e actores, segundo o previsto na base décimo cuarta destas condicións xerais.

Se, tras aplicar os criterios de valoración, dúas ou máis solicitudes obtivesen a mesma puntuación e non fose posible adxudicarlles o patrocinio a todas elas por esgotarse o crédito dispoñible, para o desempate terá preferencia aquela que teña unha maior porcentaxe de autofinanciamento. De persistir o empate, resolverase tendo en conta a data e a hora de presentación da solicitude. Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade máxima prevista na base sexta, o crédito esgotarase nela coa cantidade de axuda que resulte.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Décimo sexta. Adxudicación e formalización do patrocinio
Finalizado o proceso de valoración, a Comisión Técnica redactará unha acta na que se recolla o resultado da puntuación obtida e o importe máximo establecido para o patrocinio de cada produción audiovisual.
Do contido da acta darase conta ao órgano competente para posteriormente proceder a tramitación dos correspondentes contratos de patrocinio para cada un dos proxectos seleccionados ata esgotar o crédito dispoñible.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

O órgano de contratación adxudicará o contrato privado e a súa posterior formalización, no cal constarán as obrigas de ambas as partes, as contraprestacións que recibirá a Deputación de Pontevedra, a forma de xustificar o patrocinio en función das características da produción audiovisual e o réxime de incumprimentos.

Décimo sétima. Xustificación e pagamento
A achega da Deputación de Pontevedra farase efectiva unha vez finalizada a acción obxecto de patrocinio e coa presentación por parte da entidade da seguinte documentación:

- *A factura correspondente.*
- *Unha memoria explicativa da actividade desenvolvida, con especial referencia ao cumprimento dos requisitos de carácter obrigatorio e a aqueles tidos en conta para seleccionar o proxecto.*
- *Unha memoria das actuacións de difusión e acreditación documental desta. En todas as accións de difusión, publicidade ou propaganda dos proxectos deberá constar a colaboración da Deputación de Pontevedra.*

A presentación da devandita documentación realizarase na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal, a través do módulo habilitado no menú: Servizos>Factura electrónica>Cargar factura.

Décimo oitava. Transparencia
Os contratos de patrocinio publicitario que se asinen en virtude destas condicións xerais estarán sometidos ao réxime de publicidade establecido en materia de contratación pública.

Décimo novena. Protección de datos
Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.
A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal.
Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos."

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

9.35275.- <u>CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE BUEU* AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA PARA O INVESTIMENTO "*NOVO PARQUE URBANO LUGRIS*" (EXPTE.2025021188)</u>

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investimentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao concello de BUEU que importa 674.854,15 euros co obxecto de financiar a actuación denominada "NOVO PARQUE URBANO LUGRIS" (exp: 2024077689) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN-PLAN EXTRA	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
899.805,54€	674.854,15€	0,00€	224.951,39€

- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024860, formalmente e en prazo, emendado en data posterior, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de BUEU na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 224.951,39 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) do investimento "NOVO PARQUE URBANO LUGRIS", cuxo orzamento ascende a 899.805,54 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	PLAN PROVINCIA EXTRAOR. (PLAN EXTRA)
2025	899.805,54€	224.951,39€	0,00	674.854,15€

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerase polas normas reguladoras do plan que se co-financia, ademais os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans deben axustarse aos contemplados nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/05/2025 (referente ao proxecto con rexistro WEB2025024860 e CSV 67E3MQ65VZH3FKV3), e da xefa do servizo de Cooperación de data 21/05/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

- Conceder unha subvención ao *Concello de Bueu*, CIF: P3600400J, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 224.951,39 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento "NOVO PARQUE URBANO LUGRIS" (exp.: 2025021188), cuxo orzamento ascende 899.805,54 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	PLAN PROVINCIA EXTRAOR. - PLAN EXTRA
2025	899.805,54€	224.951,39€	0,00	674.854,15

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Bueu*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.35276.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE CALDAS DE REIS*, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "*PROXECTO DE SANEAMENTO SAN CLEMENTE EDAR BALTAR, FARAMONTANS E IGREXA. FASE I*" (EXPTE.2025020580)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investimentos.
- En data 31/03/2025, mediante rexistro WEB2025023811, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CALDAS DE REIS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 640.588,37 euros, co obxecto do financiamento da actuación "*PROXECTO DE SANEAMENTO SAN CLEMENTE EDAR BALTAR, FARAMONTANS E IGREXA. FASE I*", en base a un orzamento polo mesmo importe.
- O concello emenda a documentación achegada en data 22/04/2025.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
  Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Zona Hidrográfica de Galicia Sur, de Augas de Galicia, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización da Consellería de Economía e Industria e a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- As devanditas autorizacións, xunto coa acta de trazado previo (anexo III) e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS
INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnica/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 25/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 25/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

- Conceder ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G, unha subvención por importe de 640.588,37 euros co obxecto do financiamento do investimento "*PROXECTO DE SANEAMENTO SAN CLEMENTE EDAR BALTAR, FARAMONTANS E IGREXA. FASE I*" (exp: 2025020580)", cuxo orzamento ascende a 640.588,37 euros.
- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases se execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de incrementar en dous meses a contratación do/a guía informador/a turístico/a e actualizar os costes salariais dos/as operarios/as de servizos múltiples, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión incrementando o importe do orzamento e a achega municipal permanecendo invariable o importe da subvención conforme á seguinte táboa:

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	12 operarios/as de servizos múltiples e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses e 1 guía-informador/a turístico/a a xornada completa durante 5 meses	156.248,02 €	156.248,02 €	60.789,63 €	95.458,39 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 5.34558, no referente á subvención concedida ó *Concello da Illa de Arousa*, CIF núm. P8600004I, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Illa de Arousa, A (P8600004I)	14	12 operarios/as de servizos múltiples e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses e 1 guía-informador/a turístico/a a xornada completa durante 5 meses	95.458,39 €

RÉXIME COMPETENCIAL:
En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 7A5VSW0USGH4PP6O) e da dilixencia favorable de Intervención (CSV: 4YVF01N7Y7VURB0G) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 5.34558, no referente á subvención concedida ó *Concello da Illa de Arousa*, CIF núm. P8600004I, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Illa de Arousa, A (P8600004I)	14	12 operarios/as de servizos múltiples e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses e 1 guía-informador/a turístico/a a xornada completa durante 5 meses	95.458,39 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

22.35288.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 25,33753 DE DATA 03/05/2024 POLO QUE SE CONCEDEU AO *CONCELLO DE MEAÑO*, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "*FASE I. EJECUCIÓN DE CUBIERTA Y ACONDICIONAMIENTO PISTA DEPORTIVA DE DENA – MEAÑO*", POR INCREMENTO DO ORZAMENTO (EXPTE.2024022445)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante acordo adoptado na Xunta de Goberno do día 03/05/2024 (núm. 25.33753), concedeuse ao *concello de Meaño*, unha subvención por importe de 423.335,84 euros, con destino ao financiamento do investimento *"Fase I. Ejecución de cubierta y acondicionamiento Pista deportiva de Dena-Meaño"* (expediente: 2024022445), en base a un orzamento polo importe de 538.048,17 euros, financiando co Concello con fondos propios o importe restante, tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas
538.048,17€	423.335,84€	114.712,33€

- En data 15/05/2025 consta entrada na sede electrónica da Deputación, con núm. WEB2025036990, instancia do *Concello de Meaño* na que aporta o proxecto técnico reformulado, aprobado polo órgano competente, despois da concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
- O reformulado plantexa o aumento da envolvente co fin de lograr un maior aproveitamento da instalación que permitirá que a mesma poida ser utilizada todos os días do ano, incluso en días en que a climatoloxía non permita empregar outros parques e/ou instalacións municipais.
- O *Concello* solicita desta Deputación autorización a reformulación do documento técnico para poder continuar coa tramitación que rexerá a execución do investimento *ut supra* quedando a súa petición tal e como se reflicte na táboa de seguido:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas
670.135,36€	423.335,84€	246.799,52€

- A reformulación da actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 08/05/2025.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS
INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 08/05/2025 e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/05/2025 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe e dilixencia da intervención provincial de data 20/05/2025 e 21/05/2026, respectivamente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 25.33753 ,de data 03/05/2024, por reformulación do proxecto técnico achegado inicialmente e que figura no expediente, que se substitúe polo novo documento técnico presentado polo *Concello de Meaño,* en data 15/05/2025, con rexistro de entrada WEB2025036990, e que rexerá a execución do investimento *"Fase I. Ejecución de cubierta y acondicionamiento Pista deportiva de Dena-Meaño"* (expediente: 2024022445).
- O documento técnico reformulado implica unha variación do orzamento, que aumenta en 132.087,19 € ata o importe de 670.135,36 €, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin o importe da subvención, asumindo o *concello de Meaño,* con fondos propios dito incremento, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Fondos propios do Concello
670.135,36 €	423.335,84 €	246.799,52 €

- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno núm. 25.33753 de data 03/05/2024, permanece invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Meaño,* Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

23.35289.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE CAMBADOS* AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025011946)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as "Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025". As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 21 de marzo de 2025, punto núm. 5.34934, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

- No caso do *Concello de Cambados*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CAMBADOS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	6 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 técnico/a de medioambiente en xornada de 35 h./sem. durante 7,5 meses; 2 administrativos/as e 1 oficial de museos en xornada de 25 h./sem. durante 7,5 meses, 1 conserxe en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 4 oficiais de cultura en xornada de 25 h./sem. durante 3 meses	206.445,64 €	206.445,64 €	4.099,00 €	202.346,64 €

- O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025038582, do 20/05/2025 (subsanada en data 21/05/2025 con rexistro núm. WEB2025039118), solicita reformular a solicitude inicial como consecuencia de axustar as duracións dos contratos e as categorías propostas inicialmente.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases se execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:
En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de axustar as duración das contratacións e as categorías solicitadas inicialmente, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e a achega municipal permanecendo invariable o importe da subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CAMBADOS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	7 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 conserxe, 1 oficial de residuos, 1 administrativo/a e 1 oficial de museos en xornada de 35 h./sem. durante 6,5 meses; 4 oficiais de cultura en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses	205.323,22 €	205.323,22 €	2.976,58 €	202.346,64 €

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de marzo de 2025, punto núm. 5.34934, no referente á subvención concedida ó Concello de Cambados, CIF núm. P3600600E, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cambados (P3600600E)	18	7 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 conserxe, 1 oficial de residuos, 1 administrativo/a e 1 oficial de museos en xornada de 35 h./sem. durante 6,5 meses; 4 oficiais de cultura en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses	202.346,64 €

RÉXIME COMPETENCIAL:
En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: EEAW9QU3Q5YFXTT2) e da dilixencia favorable de Intervención (CSV: H4K2X9UZW5C1O3G2) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de marzo de 2025, punto núm. 5.34934, no referente á subvención concedida ó *Concello de Cambados*, CIF núm. P3600600E, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cambados (P3600600E)	18	7 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 conserxe, 1 oficial de residuos, 1 administrativo/a e 1 oficial de museos en xornada de 35 h./sem. durante 6,5 meses; 4 oficiais de cultura en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses	202.346,64 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

24.35290.- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS, CONSUMO E AXENDA 2023 DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO "*MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO, APOIO E POSTA EN VALOR DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DA AUGA*" (EXPTE. 2024050131)

No expediente consta o informe da xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

"*Á vista da resolución de concesión de axudas da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 con destino ao proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga', e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, a xefa do Servizo de Cooperación emite o seguinte:*

I. ANTECEDENTES

- *No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúeselles ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.*
- *O Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 publicou o 6 de xullo de 2022 (BOE núm. 161) a Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais. Posteriormente, o 20 de xuño de 2024 publicouse o extracto da Resolución do 17 de xuño de 2024, do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais (BOE núm. 149).*
- *O 18 de xullo de 2024, mediante o informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 1NWPG57WREAXYK2H), infórmaselle á Presidencia sobre a presentación da solicitude de subvención do proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga' á citada convocatoria. Posteriormente, o 22 de xullo de 2024, este proxecto preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, ao que se lle asigna o número de rexistro REGAGE24e00055208852.*
- *O 15 de novembro de 2024 publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 das subvencións concedidas, por concorrencia competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais correspondente ao 2024. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra para executar o proxecto denominado 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga' por importe de 248.810,00 euros, cuxo orzamento total é de 277.810,00 euros.*
- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo número 7.34495 de aceptación das axudas concedidas polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga', dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, no marco da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño. (Expte. 2024050131).*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

- *Na Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, establécese que o prazo máximo para executar os proxectos será dun ano a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS); polo que o prazo máximo de execución do proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga' finalizará o 16/11/2025.*
- *Na referida orde tamén se establece a posibilidade de solicitar a modificación da resolución, e así, no seu artigo 15.2 disponse: 'Artigo 15. Modificación da resolución.*
  1.º. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das subvencións e a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co previsto no artigo 19.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
  2.º. As entidades beneficiarias poderán solicitar con carácter excepcional a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e dos prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, aos seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiros. As solicitudes de modificación deberán fundamentar suficientemente a dita alteración ou dificultade e deberán formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen e, en todo caso, ata trinta e tres días hábiles antes da finalización do prazo de realización da actividade. (…)'
- *O obxecto do proxecto é apoderar, apoiar e poñer en valor o traballo das comunidades de usuarios de auga da provincia de Pontevedra, que son axentes esenciais para cumprir as metas do ODS 6, en especial no ámbito rural da provincia, facéndoo ademais desde o valor do comunitario. Para iso, crearase unha oficina técnica de apoio á legalización, tecnificación e profesionalización das traídas de augas veciñais e das propias comunidades, e traballarase noutras tres liñas de apoio: apoderamento e traballo en rede, implicación cidadá e posta en valor e recoñecemento.*
- *Publicada a resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais correspondente ao 2024, a Deputación de Pontevedra comezou a realizar os traballos necesarios para cumprir os requisitos e esixencias da convocatoria.*
- *As accións do proxecto abarcan a creación dunha oficina técnica de apoio á legalización, tecnificación e profesionalización das traídas de augas veciñais e das propias comunidades e a organización dunha serie de encontros e xornadas de apoderamento para tecnificar e capacitar estas comunidades, o que supón a necesidade de contratar persoal cun perfil moi específico e con coñecementos especializados.*
- *Ao non dispoñer o Servizo de Cooperación con medios humanos suficientes, debido á actual carga de traballo existente, o 15 de xaneiro de 2025 realízase, por parte da xefatura do devandito servizo, a proposta de nomeamento de tres persoas funcionarias interinas sen praza para executar o programa de carácter temporal 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga'. A pesar de solicitarse con premura, o nomeamento deste equipo de apoio realizouse o 1 de abril de 2025; esta demora debeuse á necesidade de cumprir cos procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) para garantir a correcta selección de candidaturas.*
- *Esta situación imprevista provocou atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para levar a cabo o citado proxecto.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

– *Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en seis (6) meses máis, cuxa data máxima para executar os traballos relativos á execución do proxecto queda reflectida na seguinte táboa:*

MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
Data de solicitude	*Data de concesión*	*Prazo límite para a execución*	*Prazo límite para a execución tras a modificación*
18/07/2024	*15/11/2024*	*16/11/2025*	*16/05/2026*

– *A ampliación do prazo de execución do proxecto en seis (6) meses máis non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin os aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais e no propio proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga'.*
– *A solicitude de modificación é anterior á data de conclusión do prazo para a realización da actividade.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

– *Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais (BOE núm. 161), e Resolución do 23 de marzo de 2022, da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais (BOE núm. 74).*
– *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
– *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
– *Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).*
– *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*
– *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*
– *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico dás entidades locais (ROFRXEL).*
– *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

– *De conformidade co previsto no artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar con carácter excepcional a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e dos prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, os seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiras persoas.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- *De conformidade co artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal e como se establece no artigo 17.3.l da lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL, a competencia para realizar os trámites de aceptación e aprobar as condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL, é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións.*

Petición e evacuación de informes

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, no que se dispón que o xefe da dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, no que se expoñan os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que se funde o seu criterio.*
- *Artigos 213 e seguintes do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Bases 47.ª e 48.ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, nas que se sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, no que se establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *Segundo o artigo 5 da Orde DSA/632/2022, a presentación da solicitude e demais documentación que se determine na convocatoria deberá facerse unicamente mediante medios electrónicos a través da aplicación informática específica que se estableza na convocatoria.*
- *De conformidade co previsto no artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar con carácter excepcional a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e dos prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, os seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiros.*
- *En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial, e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

III. CONCLUSIÓNS

O 15 de novembro de 2024 publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a resolución de concesión da Dirección Xeral da Axenda 2030 das subvencións concedidas, por concorrencia competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais correspondente ao 2024, na que se lle concede unha subvención á Deputación de Pontevedra para executar o proxecto denominado 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga' por importe de 248.810,00 euros, cuxo orzamento total é de 277.810,00 euros.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo número 7.34495 de aceptación da axuda concedida polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado 'Mellora da_xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga', dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, no marco da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño (expte. 2024050131).

O prazo máximo para executar o proxecto é dun (1) ano, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión na BDNS, polo que finalizará o 16 de novembro de 2025.

Publicada a citada resolución de concesión, a Deputación de Pontevedra comezou o procedemento de selección do equipo técnico do citado proxecto para realizar os traballos necesarios e cumprir os requisitos e esixencias da convocatoria. A pesar de solicitarse con premura o nomeamento deste equipo de apoio, este levouse a cabo o día 1 de abril de 2025 debido á necesidade de cumprir os procedementos establecidos polo SEPE para garantir a correcta selección de candidaturas.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, poñendo en risco que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga'.

Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en seis (6) meses máis, cuxa data límite para executar os traballos queda reflectida na seguinte táboa:

MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
Data de solicitude	*Data de concesión*	*Prazo límite para a execución*	*Prazo límite para a execución tras a modificación*
18/07/2024	*15/11/2024*	*16/11/2025*	*16/05/2026*

Esta ampliación do prazo de execución non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin os aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiros, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, e no propio proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga'. Ademais, a solicitude de modificación é anterior á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga' en (6) seis meses adicionais; cuxa nova data límite é a indicada na táboa anterior: 16/05/2026.

En consecuencia, a solicitude de ampliación é anterior á finalización do prazo máximo establecido para executar este proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a súa execución non constitúe un prexuízo a terceiras persoas.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propoño a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado 'Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga'.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL e no 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
Este informe non ten carácter vinculante, polo que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do Servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo"

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que se atribúen no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e nas Bases específicas de execución do Orzamento da Deputación para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, ambos os dous do 19 de maio de 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitarlle ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a ampliación do prazo máximo de doce (12) meses, contados desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto "Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga", en seis (6) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:

MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
Data de solicitude	Data de concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución tras a modificación
18/07/2024	15/11/2024	16/11/2025	16/05/2026

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

- Darlle traslado do presente acordo ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

25.35291.- SOLICITUDE AO IDAE PARA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO PR-D5000-2021-000382 "*ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DA CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADE, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMIA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO*"; FINANCIADO NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EXPTE.2021052802).

No expediente consta o informe da Xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

"*Á vista da resolución favorable de concesión da axuda polo Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) con destino ao proxecto PR-D5000-2021-000382 "Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño", e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2023016753 e data 10/08/2023, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte informe:*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

I. ANTECEDENTES

- *O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.*
- *Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está segundo o artigo 36.1.d), "o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia".*
3º.- Rematado dito prazo sen que conste no expediente que o grupo informal integrado por alumnado da facultade de Química da Universidade de Vigo presentase a xustificación da subvención concedida, con data 6 de marzo de 2025 (NOT2025004420), segundo o establecido na base 7ª das bases de execución do orzamento da deputación provincial de Pontevedra do exercicio 2025, se lle require para que nun pazo improrrogable de 15 días achegue a documentación exixida nas bases reguladoras respecto da subvención concedida, advertindo que trancorrido dito prazo iniciarase o expediente de pérdida de dereito ao cobro da subvención seguindo o procedemento establecido no artigo 42 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (LXS), no artigo 89.2 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da LXS, no artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, e demáis normativa de pertinente aplicación.

4º.- O 17 de marzo de 2025 expira por caducidade a notificación practicada ao superarse o prazo establecido para a comparecencia.

5º.- Con data 22 de maio de 2025 Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da proposta de inicio do procedemento para declarar a perda do dereito de cobro (CSV: 1YUKLH8DVZBRNMCF, correspondente á subvención concedida.

Tendo en conta o anterior, ao amparo establecido no artigo 42 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (LXS), no artigo 89.2 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da LXS, no artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, e demáis normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Iniciar o procedemento para declarar a perdida dereito ao cobro da subvención concedida ao grupo informal representado por Yerai Orts Covelo, con NIF ***6800**, para a posta en marcha do proxecto "*Mes de la Ciencia*" por un importe de1.678,80 €. ao abeiro do programa "*Plan Máis Xuventude 2024*".

Segundo.- Conceder un prazo de quince días hábiles para que alegue ou presente a documentación complementaria que estime pertinente.

O Acordo será notificado nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

36.35302.- <u>RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTE.2025032201)</u>

Vista a relación de operacións con número 2025032201 (CSV: IXWACNG73QUKUHAS), que contén 5 operacións por un importe de 13.636,73 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	13.731,73€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	95,00 €
Total líquido	13.636,73€

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

37.35303.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE.2025030836)

Vista a relación de operacións con número 2025030836 (CSV: IEEEUAEYIJYI7NR2), que contén 2 operacións por un importe de 5.980,75 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	5.980,75€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	5.980,75€

38.35304.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA CAMPAÑA ANUAL DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO "RÍAS BAIXAS". (EXPTE.- 2024068089)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria na sesión do día 21 de febreiro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rias Baixas 2025.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a publicación no DOUE o 26/02/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27/02/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9/01/2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa, presentado polas empresa licitadoras:

-AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS SLU (CIF B-70509971)
-MEDIATALENT SL (CIF B-87234555)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuizos de valor, presentado polas empresas que resultan admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Recibido informe da xefa do servizo de Turismo con data 11/04/2025, (csv: JOIL8GE9CHAQMO00), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2/05/2025, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que participan no procedemento aberto e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas no sobre C se recollen no certificado da Mesa de contratación co csv 1MAUJUVU9BTO3WQH.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios valoración establecidos no prego de claúsulas administrativas, as puntuacións que obteñen as empresas constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación co csv (9516GW82SCH9WAC1).

A Mesa de contratación na súa reunión de data 2/05/2025, aproba a clasificación das ofertas presentadas e, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Avante evolución de medios S.L.U. (B-70509971) que acada a puntuación de 93,63 puntos.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa Avante evolución de medios S.L.U. (B-70509971) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 5777 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025003593, de data6/05/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Avante evolución de medios S.L.U. (B-70509971), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

A empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2025037441 > Doc. Requirimento de data 16/05/2025) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.846,50 euros (carta de pago núm operación. 12025000095701).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rias Baixas 2025 á empresa Avante evolución de medios S.L.U. (B-70509971), polo importe total IVE engadido de 286.685,32€ e de acordo co seguinte:

1.- Precio para a xestión e coordinación:

Importe sen o IVE:	4.000,00 €
IVE (21%):	840,00 €
Importe total ofertado:	4.840,00 €

E de acordo co seguinte detalle:
-Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios off-line: 0%
Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios on-line: 0%
-Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante compra programática:0%
-Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante xestións pola Deputación de Pontevedra.0%
-Comisión da axencia sobre custos de contratación externa: 0%.

2.- Precio das accións de comunicación e promoción:

Importe sen o IVE:	232.930,01€
IVE (21%):	48.915,30€
Importe total ofertado:	281.845,32€

O prazo de duración do contrato será desde a formalización do contrato ata o 31/12/2025.
Así mesmo establécense os seguintes prazos de execución parciais:

Programa de traballo:
-*Proposta de planificación* (punto 3 do prego de prescricións técnicas): no prazo máximo de 15 días hábiles tras a formalización do contrato Unha vez presentada a proposta de medios, o servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra deberá emitir informe expreso de conformidade co plan nun prazo non superior a 5 días hábiles. Se dito informe resultara desfavorable, a empresa licitadora deberá corrixir as deficiencias sinaladas nun prazo inferior a 5 días hábiles.
-*Proposta de seguemento, control e avaliación da execución da campaña*, (punto 6 do prego de prescricións técnicas): unha vez aprobado o plan de medios, presentarase no prazo máximo de 5 días hábiles desde dita aprobación O servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra deberá emitir informe expreso de conformidade coa proposta de seguimento nun prazo non superior a 5 días hábiles.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Financiación:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2025	25/433.4320.226.02	201.410,42€
2025	25/433.4320.226.20	85.274,89€
	Total	286.685,32€

Forma de pagamento: parcial.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https://sede.depo.es).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024068089	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:. A xefe do servizo de Turismo.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

39.35305.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "*REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN (MOS)*"(EXPTE. 2025005638)

Antecedentes.

1. Proxecto.
A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P.-2604 Puxeiros - E.P. Meixoeiro-CUVI e E.P. 2603 Puxeiros – Peinador, onde se prevén as actuacións obxecto do presente Convenio.

O orzamento total do proxecto da obra ascende a:

Presuposto base de licitación	1.059.812,93 €
IVE 21%	222.560,72€
Presuposto base de licitación con IVE	1.282.373,65 €

Deste importe, o que corresponde ao tramo provincial ascende a un total de cincocentos oitenta e oito mil oitocentos dezasete euros con oitenta e seis céntimos (588.817,86 €) máis cento vinte e tres mil seiscentos cincuenta e un euros con setenta e cinco céntimos en concepto de IVE (123.651,75 €), o que importa un orzamento total de setecentos doce mil catrocentros sesenta e nove euros con sesenta e un céntimos (712.469,61 €), segundo o informe emitido polos Servizos Técnicos de Infraestruturas.

2.- Aprobación municipal.
Consta no expediente resolución da Alcaldía do Concello de Mos aprobando o Convenio co (CSV: LNRCRYZJNAJ3K3EQGSJ66L56).

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

3.- Informes de supervisión.
Existe proxecto de execución (CSV: 1KBLLYUPJ1KI97AI L) e resumo do orzamento do proxecto segundo os ámbitos de titularidade municipal e provincial do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias, (CSV:23S488TWS2L54H69).

Existe informe de xustificación das porcentaxes de financiación incluídas no convenio e do grado de prioridade da actuación, (CSV: U9Z5ZQWHGA9AKNRA)
Así mesmo forman parte do expediente informes de Secretaría e de Intervención de fiscalización previa.
Consideracións.

1ª Normativa aplicable.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.
A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

No artigo 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):
"*Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Publicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común*".

De acordo cos artigo 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.
En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:
a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
g) O réxime de modificación.
h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.
As obras serán financiadas polo Concello de Mos, na súa totalidade, no que corresponde ao tramo de titularidade municipal.

Polo que respecta ao tramo provincial, as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Mos de conformidade co establecido no Decálogo de Criterios de Actuacións nas Vías Provinciais , aprobado por Acordo Plenario de data 29 de xaneiro de 2016 e modificado por Acordo Plenario 25 de setembro de 2020, de acordo coas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Concello de Mos	284.987,84€	40
Deputación de Pontevedra	427.481,77€	60
Total obras	712.469,61€	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02.2024 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

O Concello de Mos realizará a súa aportación, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello. Coa aprobación do convenio por parte da Deputación, o concello pode xerar crédito para facer fonte as obras, e que lle serán aboadas, previa xustificación, mediante as certificacións mensuais oportunas.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados polo Concello de Mos.

5ª Órgano competente para a aprobación.
Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Logo do informe da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Mos co CSV: DLRBPDUS8RST1DGY e o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN (CONCELLO DE MOS)".

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.
Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.
Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que o Concello de Mos está concienciado sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede viaria municipal, facendo especial fincapé nos núcleos urbanos onde resulta necesario crear espazos para peóns e zonas humanizadas. O obxectivo do Concello é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías municipais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P. 2604 Puxeiros – E.P. Meixoeiro – CUVI e E.P. 2603 Puxeiros - Peinador. A E.P.-2604 pertence á rede local de estradas provinciais, e a EP-2603 á rede complementaria de estradas provinciais, segundo figura no Catálogo de Estradas Provinciais deste organismo.

VI.- A E.P. 2604 Puxeiros – E.P. Meixoeiro – CUVI e a E.P. 2603 Puxeiros-Peinador son de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo das estradas atopamos unha sección de plataforma e elementos funcionais non uniforme, sen beirarrúas nalgunhas zonas. Para una mellor adecuación á súa funcionalidade urbana considérase oportuna a reordenación da súa sección coa creación de espazos para os peóns, a súa humanización con zonas axardinadas e arborado e a substitución da rede de alumeado e saneamento público.

VII.- A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos, a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.
Entre os instrumentos de planificación que guían a actividade da Axencia está o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022. O seu programa de actuación estrutúrase en retos e en accións, sendo o reto número 1 a "visión cero en usuarios vulnerables: mellora da seguridade dos peóns", e a acción 1.1, a construción de beirarrúas e sendas peonís.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

VIII.- Tendo en conta o mencionado anteriormente, o Concello de Mos decide contratar a redacción do proxecto de "REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN (CONCELLO DE MOS)" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.
O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Mos, actuando de raíz en dous treitos que conflúen no núcleo urbano de Tameiga, e comprenden á estrada provincial E.P. 2604 Puxeiros – E.P. Meixoeiro – CUVI, no treito comprendido entre os P.Q. 0+000 e 0+150 e a estrada E.P. 2603 Puxeiros - Peinador no treito comprendido entre os P.Q. 0+000 e 0+030.
O obxectivo do proxecto é a transformación do ámbito da avenida de Puxeiros, avenida do Rebullón y rotonda dos Bois nun espazo público de calidade con aumento substancial da superficie de uso peonil, mellora das condicións de accesibilidade e de tráfico rodado. As obras proxectadas inclúen a creación de beirarrúas de dimensións axeitadas en todo o trazada, con pequenas illas de vexetación e arborado, co soterramento da redes de alumeado público e telefonía e coa instalación de rede de pluviais que xeraran un entorno máis humano e sobre todo máis seguro nos 7.543 m2 da actuación

IX.- Este proxecto foi aprobado dentro da liña de subvencións da Axencia Galega de Infraestruturas, que por medio do convenio asinado co Concello de Mos asume o compromiso de financiar o importe de seiscentos mil euros (600.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2025.

X.- A Deputación de Pontevedra, como titular dos viais donde se van a acometer parte das obras obxecto da actuación descrita, ten especial interese en colaborar para a finalidade disposta a través da subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto
O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución do proxecto de "Remodelación de la Avenida de Puxeiros – Avenida do Rebullón (Concello de Mos)".
O proxecto deseña unha zona central de aglomerado asfáltico cun carril por cada sentido de circulación, con un ancho total de 7,50 m, dobrando os carrís nas inmediacións da rotonda dos Bois coa finalidade de conseguir maior fluidez de tráfico.
As actuacións a realizar serian as seguintes:

- *Demolicións, acondicionamento do terro e movementos de terras.*
- *Construción de beirarrúas elevadas de formigón pulido en todo o traxecto (170 m Avenida Puxeiros e 125 na Avenida do Rebullón).*
- *Construción de par terres lonxitudinais no borde das beirarrúas para absorber niveis de tráfico pesado e xerar zonas de sombra para instalar mobiliario urbano.*
- *Construír nas zonas de confluencia medianas e illas con arboredo.*
- *Renovación e instalación onde non o hai de rede de pluviais.*
- *Soterramento da rede eléctrica e telefónica.*
- *Instalación de iluminación pública tipo LED e de mobiliario público.*

Segunda.- Importe do convenio.
O importe o que se refire a presente actuación estímase en un millón cincuenta e nove mil oitocentos doce euros con noventa e tres céntimos (1.059.812,93 €), máis douscentos vinte e dous mil cincocentos sesenta euros e setenta e dous céntimos en concepto de IVE (222.560,72 €), o que ascende a un orzamento total de un millón douscentos oitenta e dous mil trescentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (1.282.373,65 €).

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Deste importe, o que corresponde ao tramo provincial ascende a un total de cincocentos oitenta e oito mil oitocentos dezasete euros con oitenta e seis céntimos (588.817,86 €) máis cento vinte e tres mil seiscentos cincuenta e un euros con setenta e cinco céntimos en concepto de IVE (123.651,75 €), o que importa un orzamento total de setecentos doce mil catrocentros sesenta e nove euros con sesenta e un céntimos (712.469,61 €), segundo o informe emitido polos Servizos Técnicos de Infraestruturas.

Terceira.- Financiamento.
As obras serán financiadas polo Concello de Mos, na súa totalidade, no que corresponde ao tramo de titularidade municipal.
O importe o que se refire a presente actuación estímase en un millón cincuenta e nove mil oitocentos doce euros con noventa e tres céntimos (1.059.812,93 €), máis douscentos vinte e dous mil cincocentos sesenta euros e setenta e dous céntimos en concepto de IVE (222.560,72 €), o que ascende a un orzamento total de un millón douscentos oitenta e dous mil trescentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (1.282.373,65 €).

Polo que respecta ao tramo provincial, as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Mos de conformidade co establecido no Decálogo de Criterios de Actuacións nas Vías Provinciais , aprobado por Acordo Plenario de data 29 de xaneiro de 2016 e modificado por Acordo Plenario 25 de setembro de 2020, de acordo coas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	*Achega*	*%*
Concello de Mos	*284.987,84 €*	*40 %*
Deputación de Pontevedra	*427.481,77 €*	*60%*
TOTAL OBRAS	*712.469,61 €*	*100*

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02.2024 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

O Concello de Mos realizará a súa aportación, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

Coa aprobación do convenio por parte da Deputación, o concello pode xerar crédito para facer fonte as obras, e que lle serán aboadas, previa xustificación, mediante as certificacións mensuais oportunas.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados polo Concello de Mos.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

De producirse unha incidencia que supoña un menor importe, diminuirase a cantidade a da achega de Deputación na porcentaxe que corresponda.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Mos obrígase a:

1) *Redacción do proxecto construtivo para a execución das obras de "Remodelación de la Avenida de Puxeiros – Avenida do Rebullón (Concello de Mos)".*
2) *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
3) *Licitación, dirección, execución e recepción das obras obxecto deste convenio.*
4) *Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do gasto obxecto do presente acordo.*
5) *Unha vez rematada e recibida a obra, levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (beirarrúas, alumeado público, instalacións semafóricas, xardinería, arborado e rede de rego, mobiliario urbano, rede de saneamento, rede de abastecemento público de auga, etc.).*
6) *Comunicar á Deputación de Pontevedra, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para o obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.*
7) *Comunicar á Deputación de Pontevedra a data de recepción das obras para, se o estima oportuno, enviar un representante que recepcione a parte das obras que correspondan ao ámbito incluído no dominio público viario da Deputación de Pontevedra. No seu caso, redacción e firma de acta de recepción polas partes implicadas.*
8) *Se a Deputación de Pontevedra o estima oportuno, para o ámbito incluído no seu dominio público viario:*
   - *Interlocución entre a Dirección de Obra designada polo órgano de contratación do Concello de Mos e o Representante da Administración designado pola Deputación de Pontevedra para o control e supervisión das obras.*
   - *Acordo entre a Dirección de Obra e o Representante da Administración designado pola Deputación de Pontevedra do plan de ensaios das obras.*
   - *Ao remate das obras, remisión á Deputación de Pontevedra de toda a documentación de calidade (actas de ensaios, certificados de materiais, etc...) relacionada coas unidades de obra executadas e planos as-built de tódolos elementos que non estean á vista (instalacións soterradas, etc...).*
9) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 3 e 4 desta cláusula.*
10) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

1) *Realizar a achega comprometida para a execución do proxecto obxecto do presente Convenio.*
2) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*
3) *Designación de un representante da administración da Deputación de Pontevedra para a colaboración coa Dirección de Obra do proxecto, supervisión e recepción de obra, si procede.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FDA8JI8WAWL3Q2ER

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 09/06/2025 12:11

Sétima.- Compensación de débedas
O Concello de Mos faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.
Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.
As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio
O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.
A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.
En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima. Confidencialidade da información e protección de datos
As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso requíranse e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.
Toda a información e comunicación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.
As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.
As partes poderán dar publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 09/06/2025 09:32

Décimo primeira.- Resolución.
